



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Planificación Estratégica dos Procesos na Xestión de Calidade: Proxectos de Dirección		Código	652536012	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado	,	Correo electrónico			
Web					
Descrición xeral	Na exposición de motivos da Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, se señala que el aumento de la autonomía de los centros es una recomendación reiterada de la Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económico (OCDE) para mejorar los resultados, necesariamente unida a la exigencia de una mayor transparencia en la rendición de cuentas. Es fundamental que cada centro tenga la capacidad de identificar cuáles son sus fortalezas y las necesidades de su entorno, para así poder tomar decisiones sobre cómo mejorar su oferta educativa y sus resultados.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Ao terminar con éxito esta materia, o estudiantado será capaz de:	AM27	BM2	CM1
· Experimentar no desenvolvemento dunha planificación estratéxica dun centro docente.	AM28	BM3	CM9
	AM31	BM4	
	AM32	BM14	
· Propoñer os procesos integrantes dun centro escolar.	AM28	BM2	CM1
			CM7
· Recoñecer a importancia da prevención dos riscos laborais nos centros docentes.	AM29	BM2	CM1
		BM3	
		BM4	
· Propoñer un manual de autoprotección para un centro docente.	AM30	BM2	CM1
		BM3	CM7
		BM4	CM9
· Diseñar un proxecto de dirección.	AM31	BM2	CM1
	AM32	BM3	CM9
	AM33	BM4	
		BM20	

Contidos

Temas	Subtemas
· Planificación estratéxica dos procesos.	· Análise diagnóstica do centro docente. · A xestión por procesos. · Áreas de mellora.
· Prevención de riscos laborais.	· Prevención de riscos laborais como proceso soporte na xestión dos centros.



· Manual de autoprotección.	· O manual de autoprotección como proceso soporte na xestión dos centros.
· Proxecto de dirección.	· Áreas de mellora. · Obxectivos do proxecto. · Plans de actuación e a súa temporalización. · Recursos e organización do centro para acadar os obxectivos. · Seguimento e avaliación do proxecto: indicadores de logro.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	B2 B4 C1	5	1	6
Sesión maxistral	A27 A28 A29 A30 A31 A32 A33	8	1	9
Presentación oral	C1	1	2	3
Traballos tutelados	B3 B14 B20 C7 C9	5	35	40
Proba mixta	B2 B3	1	15	16
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Mediante esta dinámica abordaranse os diversos temas orientados a que o alumnado reflexione sobre a importancia da xestión da calidade na mellora dos centros educativos, atendendo aos principios da calidade co fin de favorecer a mellora continua e a toma de decisións.
Sesión maxistral	Na actividade de sesión maxistral traballaránse contidos que conforman o marco teórico mediante exposición oral, guiada coa presentación de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento. Realizarase unha exposición xeral de cada un dos temas de que consta o programa, indicando aqueles aspectos que poden ser ampliados polo estudante para o seu traballo persoal.
Presentación oral	Finalmente realizarase unha exposición oral, na que cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos.
Traballos tutelados	Ao redor dos diferentes temas propoñeráse a realización de pequenos traballos de grupo. Estas actividades iniciaranse na aula e deberán ser completados mediante o traballo autónomo e traballo colaborativo, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través de atención personalizada individual e/ou en pequeno grupo. Para a realización destes traballos tomaranse como referencia os materiais básicos da materia así como aqueles que se consideren complementarios (outras fontes documentais). Basearanse nos distintos recursos que existan nas bibliotecas, centros de recursos, e/ na rede (Internet). Os contidos desenvolvidos serán avaliados tamén na proba mixta.
Proba mixta	A proba consistirá nunha actividade final da materia con carácter evaluativo a través da cal o alumnado deberá dar resposta a varias preguntas facendo un tratamento global e integrando os coñecementos adquiridos de acordo aos contidos abordados ao redor de diferentes dinámicas de traballo ao longo da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	O profesorado realizará un seguimento do traballo que vaia realizando o alumnado asistente a través das prácticas que vaia realizando.
Traballos tutelados	É importante que o alumnado realice as súas prácticas desde o primeiro día e acuda ás titorías de maneira asidua co fin de resolver as dúbidas que estime oportunas.
Proba mixta	As titorías desenvolveranse, por tanto, na aula, durante as clases e no despacho do profesorado, da seguinte forma: * No caso de indicacións xerais a todo o grupo (realizaranse nas clases expositivas). * A grupos de traballo pequeno (realizaranse nas clases interactivas -prácticas- ou de carácter virtual a través de Teams). * Individuais (versarán sobre o progreso do alumnado). Realizaranse no despacho do profesorado ou a través de Teams.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	B3 B14 B20 C7 C9	<p>A metodoloxía de traballos tutelados porase en práctica nas clases interactivas. Para a súa realización é preciso formar pequenos grupos de traballo e débese ter en conta o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formaranse grupos pequenos (non máis de 4 persoas). - Cada grupo elixirá unha persona coordinadora, encargada de presentar e defender as ideas do seu grupo de traballo, no caso en que se lle solicite, que será rotativa en cada práctica. - Estes grupos formaranse o primeiro día de clase polo profesorado. <p>O profesorado realizará un seguimento das prácticas que se vaian elaborando por cada grupo. As prácticas se entregarán a través de moodle. O profesorado irá realizando o seguimento partindo do que se expoña na aula. Se fará un proceso de autoevaluación e heteroavaliación.</p> <p>O profesorado indicará propostas de mellora de cada práctica a cada grupo co fin de que na proba mixta da materia o alumnado saiba realizar as prácticas sen problema. Son, por tanto, materia de exame.</p>	60
Proba mixta	B2 B3	<p>O exame final fixado pola Comisión académica do título e aprobada por Xunta de Facultade realizarase mediante unha proba obxectiva na que entrará toda a materia (clases expositivas + traballos tutelados).</p> <p>O sistema de corrección da devandita proba será o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Para preguntas de verdadeiro/falso: unha resposta incorrecta, restará unha resposta correcta. - Para preguntas de varias alternativas aplicarase a fórmula de corrección ao azar: $\text{acertos} - \text{erros}/n^{\circ} \text{ alternativas}$ 	40

Observacións avaliación



Criterios para superar a materia:

1. Os traballos tutelados subiranse á plataforma moodle (Será valorada a parte individual e a grupal).
2. Asistir e participar regularmente nas actividades da aula (80%).
3. Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados e proba obxectiva).
4. Entregar e expoñer os traballos tutelados na data que se indique.

NOTA: A UDC regula a matrícula de estudantes a tempo parcial, criterios que tamén serán tidos en conta polo profesorado, polo que será necesario que o alumnado con este tipo de réxime de dedicación, o informe ao profesorado e concerten a maneira na que se desenvolverá o seu proceso de ensino-aprendizaxe.

SITUACIÓNS:

A) Alumnado con dedicación completa: Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%. Elaboración e presentación dos traballos tutelados en pequeno grupo (60%).

B) Tanto os/as estudantes a tempo completo como aqueles/as con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de asistencia segundo establece a "NORMA QUE REGULA Ou RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DÚAS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3. b e 4.5) (29/5/212) deberán entregar os traballos tutelados, aínda que estes últimos poderán presentalos de maneira individual. En todo caso, é preciso que nestes casos articulen os mecanismos necesarios para que as actividades grupais dos traballos tutelados poidan ser desenvolvidas de maneira grupal; no caso de non realizar estas actividades grupais dentro dos traballos tutelados, a cualificación máxima para este tipo de estudantes das prácticas será do 40%.

A proba obxectiva será a mesma para todas e todos as/os estudantes.

A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño.

Aspectos a ter en conta:

- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

- Será primordial e obrigatoria a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación) gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia.

- No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario:

"Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- García Cabrera, María del Mar (2016). Vivir la escuela como un proyecto colectivo: manual de organización de centros educativos. Madrid: Pirámide- Gómez Etxebarria, Genaro (2001). Prevención de riesgos y salud laboral en los centros docentes. Barcelona: Praxis- González González, María Teresa (2003). Organización y gestión de centros escolares: dimensiones y procesos. Madrid: Pearson Educación- Montero Alcaide, A. (2007). Proyecto de dirección y ejercicio directivo. Las Rozas: Wolters Kluwer España- Navajo, Pablo (2009). Planificación estratégica en organizaciones no lucrativas: guía participativa basada en valores. Madrid: Narcea- Navaridas Nalda, Fermín (2013). Procesos y contextos educativos: nuevas perspectivas para la práctica docente. Logroño: Genuvee- San Fabián Maroto, José Luis (2013). Autoevaluación de centros educativos: cómo mejorar desde dentro. Madrid: Síntesis
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Xestión da Calidade nos Centros Docentes, Autonomía, Transparencia e Rendición de Contas: Plans de M/652536009

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

O Proxecto de Dirección no Marco dos Proxectos Educativos de Centro/652536011

Materias que continúan o temario

Xestión de Recursos Humanos, Económicos e Administrativos/652536014

Tratamento da Información Cualitativa e Cuantitativa na Investigación dentro da Xestión, Avaliación /652536007

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías